 UNIVERSIDADE DE VIGO	PROCEDEMENTO DE MEDICIÓN, ANÁLISE E MELLORA	LOGO DO CENTRO/ NOME DO CENTRO	CODIF: IT01-PM01
--	---	--------------------------------	----------------------------

Informe de Resultados Anuais

Centro: Facultade de Filoloxía e Tradución

Titulacións do Centro:

- Grao:
Grao en Estudos de Galego e Español
Grao en Linguas Estranxeiras
Grao en Tradución e Interpretación
- Máster:
Máster en Artes Escénicas

Máster en Estudios Ingleses Avanzados: Interpretación Textual e Cultural das Sociedades Anglófonas Contemporáneas

Máster en Lingüística e as súas Aplicacións

Máster en Tradución e Paratradución

Máster en Tradución multimedia

Curso académico: 2010-11


1. Introducción

O presente documento recolle a información máis relevante, en termos cualitativos e/ou cuantitativos, dos resultados do centro no curso académico 2011-12

As principais fontes de información que facilitan a análise de resultados e o establecemento das melloras oportunas son, fundamentalmente :

1. Os indicadores do Sistema de Calidade (IN01-PM01)
2. Os resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais do centro (E01-PM01)
3. As queixas, suxestións e felicitacións recibidas(QS01-PM01)
4. Os resultados de los obxectivos de calidade e outros obxectivos establecidos polo Centro.
5. As reflexións e resultados recollidos nos informes anuais de seguimento de cada unha das titulacións do centro.(PC02)
6. Os resultados de seguimento do plano de mellora

As valoracións contidas neste informe anual conteñen información relevante que debe ser tida en conta para o establecemento dos sucesivos planos anuais de mellora do centro.

 UNIVERSIDADE DE VIGO	PROCEDEMENTO DE MEDICIÓN, ANÁLISE E MELLORA	LOGO DO CENTRO/ NOME DO CENTRO	CODIF: IT01-PM01
--	---	--------------------------------	--------------------------------

Informe de resultados anuais (2010-11) das titulacións de FFT

INDICADORES DE CALIDADE

CRITERIOS		TOTAL GRAOS	GAL-ESP.	LING. EST.	TRAD.INT.	TOTAL POSGRAOS	ART.ESC.	EDICIÓN	EST.ING.	LING.APL.	LIN.GAL.	TRAD. MULT.	TRAD. PARAT.	TOTAL FFT
CUMPRIMENTOS DOS OBXECTIVOS DE CALIDADE		59,79%	63,46%	54,04%	61,89%	69,69%	44,67%	58,73%	78,56%	89,09%	62,04%	81,91%	72,85%	66,66%
INDICADORES DE CALIDADE	Taxa de éxito	85,90%	88,17%	78,34%	91,21%	99,27%	97,46%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	97,50%	100,00%	92,58%
	Taxa de rendemento	74,93%	76,73%	66,08%	84,39%	82,59%	79,12%	90,32%	88,83%	74,85%	92,50%	84,48%	88,62%	78,76%
	Taxa de	Sen	Sen datos	Sen datos	Sen datos	Sen datos	Sen datos	Sen datos	Sen datos	Sen datos	Sen	Sen	Sen datos	Sen

abandono	datos										datos	datos		datos
Taxa de graduación	Sen datos	Sen datos	Sen datos	Sen datos	65,42%	Sen datos	85,71%	87,50%	57,14%	75,00%	44,83%	83,33%	65,42%	
Taxa de eficiencia	Sen datos	Sen datos	Sen datos	Sen datos	94,38%	89,04%	98,59%	96,59%	99,45%	100%	100%	99,38%	94,38%	
Variación de matrícula en 1º con respecto o ó ano anterior		140%	95,35%	112,93%		82,61%	46,67% (Uvigo)	76,19%	133,33%	Sen datos	Sen datos	90,00%		

Grao de cumprimento dos obxectivos de calidade 2010-2011 [procedemento asociado IN01-PC12]

DATOS

Grao de cumprimento xeral

Núm. de obxectivos definidos 15

Núm. de obxectivos acadados: 10

Porcentaxe de cumprimento: 66,66%

CRITERIO	OBJETIVOS DE CALIDAD	GALL-ESP	LENG EXTRANJ	TRAD. E INTERP	ARTES ESCÉNIC	LGA Y APLIC	TRAD MULTIM	EDICIÓN	LGCA GALL	ESTUDIOS INGLESES	TRAD Y PARATRAD	TOTAL
Objetivos del Plan de Estudios	1.Establecer y documentar los procedimientos de difusión de los											SI

	objetivos												
Políticas y procedimientos de admisión	2.Establecer y documentar la política de admisión												SI
Planificación de la enseñanza	3.Establecimiento del sistema a utilizar en la evaluación y mejora de la enseñanza												SI
	4.Obtener más del 70% de satisfacción en las encuestas a estudiantes, donde se trate el tema de la planificación	48,43%	53,43%	50,57%	26,14%	65,14%	74,57%	38,14%	64,29%	64,71%	69,14%	55,45%	NON
Desarrollo de la enseñanza y de la evaluación de los estudiantes	5.Establecer y documentar los procedimientos para la recogida de quejas y sugerencias												SI
	6.Número de quejas inferior al 5% del alumnado de nuevo ingreso												SI
	7.Número de sugerencias superior al 10% del alumnado de nuevo ingreso												NON
Acciones para orientar al estudiante	8.Establecimiento y documentación del programa de acogida para alumnos de nuevo ingreso												SI

	9.Participación de más del 70% de los alumnos de nuevo ingreso en el programa de acogida											
	10.Índice de satisfacción superior al 70% en el programa de acogida realizado	57,14%	39,29%	52,43%	28,57%	No hay	71,43%	47,57%	50,00%	46,42%	48,86%	49,07% NON
Dotación de personal académico	11.Superar el 70% de satisfacción en las encuestas a alumnos	80,14%	60,43%	68,71%	74,71%	78,00%	89,57%	67,71%	88,71%	70,14%	81,43%	75,95% SI
Recursos y servicios	12.Superar el 60% de satisfacción en las encuestas a alumnos sobre el PAS de la Facultad	85,71%	62,14%	63,00%	35,71%	100,00%	100,00%	64,29%	89,29%	53,57%	73,14%	72,68% SI
	13.Superar el 70% de satisfacción en las encuestas a alumnos sobre el equipamiento informático	64,29%	52,86%	75,29%	28,57%	100,00%	85,71%	82,14%	89,29%	60,71%	85,71%	72,24% SI

Resultados del aprendizaje	14. Que el resultado de profesores que valora positivamente el desarrollo de las competencias alcanzadas por los alumnos supere el 70%	72,86%	58,00%	70,29%	90,43%	91,43%	66,43%	75,57%	77,14%	86,14%	87,43%	77,57% SI
	15. Que el porcentaje de alumnos que valora positivamente el grado de competencia que logró supere el 70%	35,71%	52,14%	53,00%	28,57%	100,00%	85,71%	35,71%	64,29%	82,14%	64,29%	60,15% NON
TOTAL		63,46%	54,04%	61,89%	44,67%	89,09%	81,91%	58,73%	62,04%	78,56%	72,85%	66,66%

ANÁLISE

Os resultados que dependen das enquisas ó alumnado débense tomar con prevención. O número de persoas que responden é moi baixo; daquela, os resultados non son representativos nin poden compensar o grao de subxectividade que é inevitable neste tipo de consultas.

1. Establecer e documentar os procedementos de difusión dos obxectivos do título (PC03).

Damos por cumprido este apartado. Os obxectivos están definidos na memoria (pública).

2. Establecer e documentar a política de admisión (PC04).

Damos por cumprido este obxectivo xa que a política de admisión para os graos está definida nas memorias e segue os procedementos documentos para as probas de acceso á Universidade; a política de admisión dos posgraos está documentada nas memorias e nas páxinas web dos títulos.

3. Establecer un sistema que se utilice na avaliación e mellora do ensino (PC07).

Seguíronse os procedementos PC06 (procedemento de planificación e desenvolvemento do ensino) e PC07 (procedemento de avaliación das aprendizaxes). A Comisión de Calidade aprobou unhas normas internas para a revisión das guías docentes e unhas recomendacións para a avaliación.

4. Obter máis do 70% de satisfacción nas enquisas onde se trate o tema da planificación (PM01, PA03).

Ningún título superou a taxa indicada, agás o posgrao en Tradución Multimedia. As razóns disto poden estar a) na mesma taxa, que é moi elevada; b) na baixa participación dos grupos interesados; c) problemas na planificación que han de ser revisados, despois de dous anos de implantación.

5. Establecer e documentar os procedementos para a recollida de queixas e suxestións (PA04).

Neste ano seguiu o procedemento PA04 (xestión e revisión de incidencias, reclamacións e suxestións).

6. Número de queixas inferior ó 5% do alumnado de novo ingreso (PA04, PM01).

As queixas presentadas ó equipo decanal non chegaron ó 5%.

7. Número de suxestións superior ó 10% do alumnado de novo ingreso (PA04, PM01).

Este obxectivo non se cumpriu por ser demasiado alto. O alumnado normalmente non fai suxestións, si presenta queixas. Habería que motivar aínda máis o estudantado para conseguir este obxectivo.

8. Establecemento e documentación do programa de acollida para alumnado de novo ingreso (PC05).

No ano 2010 as accións de orientación consistiron:

- a) Xornadas de presentación dos novos graos. Desenvolvéronse durante os tres primeiros días da primeira semana de curso; fornecéuselle ó alumnado de información sobre o programa de estudos, sobre a Universidade, a biblioteca, o servizo de extensión cultural, o servizo de deportes. O alumnado tivo reunións cos coordinadores de grao e cos/as titores/as.
- b) Plano de acción tutorial. Aprobado en xullo de 2009, recolle unha serie de acción para a titorización académica en grupo, ó longo do ano, do alumnado dos tres graos.

9. Participación de máis do 70% do alumnado de novo ingreso no programa de acollida (PC05).

Todo o alumnado presente na Facultade o día do inicio do curso asistiu ás xornadas de presentación. Máis do 90% do alumnado acolleuse ó PAT.

10. Índice de satisfacción superior ó 70% no programa de acollida realizado (PC05, PM01).

O alumnado non se mostra satisfeito sobre o programa de acollida, nin nos graos nin nos posgraos. Nos graos, non entendemos que se vise como insuficiente a información fornecida nas xornadas de acollida, mesmo que tiveron unha reunión co equipo decanal, cos coordinadores de grao e cos/as titores/as do PAT. A insatisfacción é moi evidente no grao de Linguas Estranxeiras. Entendemos tamén que, se cadra, non quedaron satisfeitos coa forma en que se orientou o PAT, aínda que non hai ningunha queixa directa sobre este programa. A valoración máis alta correspóndelle ó grao en Galego-Español cun 57, 14%. Nos posgraos, as accións de acollida e orientación son tamén escasamente valoradas, agás no posgrao en Tradución Multimedia (71,43%). O valor máis baixo acádase en Artes Escénicas (28,57%).

11. Superar o 70% de satisfacción nas enquisas de alumnado [sobre o persoal académico] (PM01).

Este obxectivo está cumprido, xa que obtivemos un 75,95% como media dos 10 títulos en que tivemos datos. Houbo un aumento de case 6 puntos porcentuais con respecto ó ano 2009. É baixa a avaliación do título en Linguas Estranxeiras (60,43%) (tampouco chegan ó 70% o posgrao en Edición e o grao en Tradución e Interpretación) e moi boa a do posgrao en Tradución Multimedia (89,57%). O resto dos títulos superan o 70%.

12. Superar o 60% de satisfacción nas enquisas a alumnado sobre o PAS da Facultade (PM01).

O obxectivo está cumprido, a media dos títulos é 72,68%. Con todo, obsérvase moita diferenza entre eles, malia que o PAS da Facultade é o mesmo para todos: 35,71% no mestrado en Artes Escénicas; 53, 57% en Estudos Ingleses fronte a 100% en Lingüística e as súas aplicacións e Tradución Multimedia. Non se observan notas semellantes para os graos e para os posgraos (clases pola mañá, clases pola tarde). Os resultados son, desta maneira, certamente confusos.

13. Superar o 70% de satisfacción nas enquisas ó alumnado sobre o equipamento informático (PM01).

O obxectivo cumpriuse (72, 24%). Con todo, non chegaron ó 70% os graos en Galego e Español e Linguas Estranxeiras; tampouco os posgraos en Artes Escénicas e Estudos Ingleses. Habería que comprobar o grao de utilización, por parte do alumnado dos devanditos títulos, do equipamento informático da Facultade, que consideramos suficiente.

14. Que o resultado de profesores que valora positivamente o desenvolvemento das competencias alcanzadas polo alumnado supere o 70% (PM01).

O obxectivo cumprese en todos os títulos, agás en Linguas Estranxeiras (58%) e Tradución Multimedia (66,43%).

15. Que a porcentaxe de alumnado que valora positivamente o grao de competencia que acadou supere o 70% (PM01).

Non se cumpre o obxectivo (60,15%). Non se cumpre en ningún título agás en Lingüística e as súas aplicacións, Estudos Ingleses e Tradución Multimedia. Son moi baixas as valoracións en Artes Escénicas (28,57%), Edición (35,71%) e grao en Galego e Español (35,71%). Entendemos que é moi preocupante o feito de que non se consiga unha boa valoración nos tres graos do centro.

Indicadores de calidade: análise

A definición das taxas aparece ó final deste documento.

Títulos de grao

Non se fornecen datos para as taxas de abandono, graduación e eficiencia por non estaren implantados os catro anos dos títulos.

Para as taxas de éxito e rendemento, os datos son seguintes:

- a) Taxa de éxito: media dos graos 85,90%. No título de galego-español a taxa é de 88,17%; no de Linguas Estranxeiras 78,34%; no de Tradución e Interpretación 91,21%.
- b) Taxa de rendemento: media dos graos 74,93%. No título de galego-español a taxa é de 76,73%; no de Linguas Estranxeiras 66,08%; no de Tradución e Interpretación 82,14%. Xa que esta taxa mide a relativa facilidade dos estudantes para superaren os créditos do curso, entendemos que existe unha dificultade clara no título de Linguas Estranxeiras.

Títulos de posgrao

Taxa de éxito: media dos posgraos 99,27%. Todos títulos superaron o 97% de éxito.

Taxa de rendemento: media dos posgraos 82,59%.

Taxa de abandono: sen datos.

Taxa de graduación: 65,42%. Os únicos títulos que superaron o establecido nas súas respectivas memorias foron os de Estudos Ingleses (87,5%; 70% previsto na memoria) e Tradución e Paratradución (83,33%; 80% previsto na memoria). Son moi baixas as taxas en Tradución Multimedia (41,38%), Lingüística Galega (37,5%) e Lingüística e as súas aplicacións (57,14%). No caso de Tradución Multimedia, a razón da baixa graduación no período previsto está na dificultade do alumnado para realizar as prácticas, xa que se teñen que axustar ó indicado polas empresas (moitas prácticas fanse no verán, despois de estaren pechadas as actas). No caso de Lingüística Galega entendemos que hai un erro na taxa: 3 dos 4 alumnos/as matriculados/as en 2010 obtiveron en xullo todos os créditos necesarios para obter o título. En Lingüística e as súas aplicacións hai un número elevado de estudantes que fan a súa matrícula a tempo parcial.

Non se fornecen datos en Artes Escénicas.

Taxa de eficiencia: 94,38%. O único título que non chegou á taxa definida na memoria foi Lingüística galega (76,9%; 90% establecida na memoria). Este dato tampouco se entende, xa que, como se comentou na taxa de graduación, tres dos catro alumnos/as matriculados/as superaron todos os créditos en xullo de 2011.

ACCIÓNS DE MELLORA

Accións de mellora para os títulos de grao do centro

TÍTULOS DE GRAO DA FFT: LINGUAS ESTRANXEIRAS, TRADUCCIÓN E INTERPRETACIÓN, GALEGO-ESPAÑOL

riterio	Denominación da proposta	Punto débil detectado	Ámbito de aplicación	Obxectivos específicos	Actuacións que se desenvolverán	Responsable da súa aplicación	Período de execución	Recursos/ financiamento	Responsable do seguimento	Indicadores de execución	Observacións
Xustificación	Cumprir os novos obxectivos de calidade do centro	Non se cumpriron os anteriores obxectivos de calidade	Facultade de Filoloxía e Tradución	Cumprimento dos novos obxectivos de calidade fixados pola comisión de calidade	Consolidar as boas prácticas na docencia e na xestión e mellorar nos puntos débiles detectados.	Comisión de calidade	Curso 2011-12	Sen custo	Comisión de calidade		Sistema de queixas, suxestións na web. Xa est
Competencias/obxectivos	Aumentar a participación tanto do alumnado coma do profesorado nas enquisas de satisfacción	Baixa participación do alumnado e profesorado nas enquisas de satisfacción	Facultade de Filoloxía e Tradución	Concienciar o profesorado e alumnado da importancia das enquisas. Conseguir datos relevantes que permitan unha análise fiable	Dar toda a información necesaria para que os grupos de interese entendan a importancia das enquisas. Facilitar a súa realización durante o período lectivo	Decanato	Curso 2011-12	Sen custo	Comisión de calidade		Organización de xornadas de información sobre Revisión das preguntas das enquisas de satisfac Organizar a maneira de realizaren os alumnos/
	Desenvolvemento das modificacións establecidas na reformas do PAT en xullo de 2011. Conseguir unha maior participación do alumnado nas reunións do PAT.	No anterior PAT, había demasiadas reunións de grupo, a última despois dos exames de maio. Baixa participación do alumnado nas reunións do PAT.	Facultade de Filoloxía e Tradución	Alumno de 1º e 2º de grao	Conseguir unha maior participación do alumnado no PAT. Reunións individuais co/a titor/a. Reunións antes dos exames de maio.		Decanato. Titoras/es.	Curso 2011-12	Sen custo	Comisión de calidade	

Acceso	Deseñar un Plano de Promoción e Captación do Alumnado no centro.	Carencia dun verdadeiro programa de promoción e captación malia existiren accións illadas sobre este aspecto.	Facultade de Filoloxía e Tradución	Crear un plano de promocións con distintas accións ao longo do curso que permita unha maior difusión das ensinanzas impartidas no centro	Xornadas de información con distintas actividades. Visitas aos centros de ensino medio. Difusión de un video promocional da FFT.	Decanato	Curso 2011-12	Actividades cun orzamento por determinar.	Comisión de calidade		Redactado plano de promoción. Feito.
	Solicitarlle a Universidade de Vigo que reclame oficialmente un cambio de datas nos exames de selectividade na convocatoria de setembro para axeitarse ao calendario.	O alumnado de selectividade de setembro incorpórase moi tarde as clases, feito que interfere gravemente coa planificación do primeiro cuadrimestre .	Universidade de Vigo	Axeitar as probas de acceso a universidade ao novo calendario académico	Enviar un informe ó reitorado da universidade	Decanato	Curso 2011-12	Sen custo	Decanato		Facer un escrito dirixido ó Conselleiro.

Planificación	Mellorar a coordinación entre o profesorado no desenvolvemento da docencia.	Coordinación mellorable entre docentes dalgunhas materias.	Departamentos implicados na docencia do grao.	Mellorar a coordinación entre docentes de materias relacionadas.	Reunións de coordinacións entre o profesorado	Coordinadora do título	Curso 2011-12	Sen custo	Comisión de calidade		Recopilar informes finais dos coordinadores.
	Substitución da plataforma DOCNET por outra plataforma máis eficaz.	A plataforma, cada ano presenta unha serie de problemas informáticos que ten que resolver a coordinadora e que dificultan extremadamente o proceso de redacción das guías.	Universidade de Vigo	Substitución da plataforma por outra que presente menos problemas.	Redacción dun informe completo	Decanato	Curso 2011-12	Sen custo	Comisión de calidade		Reunións cos responsables, novembro 11, xaneiro
Recursos humanos	Completar a información sobre o profesorado na páxina web	A información fornecida na páxina web no inclúe categoría profesional	Facultade de Filoloxía e Tradución	Completar a información actual (nome, docencia e titorías)	Revisión da páxina web	Decanato	Curso 2011-12	Sen custo	Comisión de calidade		Consideramos que para este ano pode ser suficiente a información que está na páxina web.
Recursos materiais	Mellorar o mantemento dos laboratorios e aulas de informática	O elevado uso que se fai destas instalacións implica un mantemento constante que algunhas veces se demora en facer.	Facultade de Filoloxía e Tradución	Ter as aulas e laboratorios actualizados no que atinxe ao software e os equipos en perfecto estado de funcionamento.	Revisión constante polo persoal bolsreiro adscrito á facultade. Aumento do seu número se cumpriese.	Decanato	Curso 2011-12	Por determinar	Comisión de calidade		O vicedecano responsable comprométese a ter planificado o mantemento regular dos equipos informáticos e a redactou o Vicedecano. Incorporar micros nas aulas grandes. Pendente

SGC	<p>Facer que MSGIC se converta nunha ferramenta de uso cotián na FAC.</p> <p>Simplificar o MSGIC.</p> <p>Mellorar a aplicación informática.</p> <p>Implicación de máis colectivos.</p> <p>Conseguir a participación de PAS e alumnado na Comisión de Calidade.</p>	<p>O sistema é un documento útil pero non está inserido no traballo diario da Facultade. Os procedementos asociados e a aplicación informática son complexos. Os colectivos ós que está dirixido non están implicados suficientemente.</p> <p>Actualmente non hai representación de alumnado e PAS na Comisión de Calidade.</p>	Profesorado, alumnado e PAS da FFT	Difundir a política de calidade do centro entre os colectivos usuarios.	Por determinar	Comisión de Calidade	Curso 2011-12	Sen custo	Comisión de calidade		<p>Renovación da comisión de calidade. Feita en m...</p> <p>Falar cos representantes de alumnado para que...</p>
-----	--	---	------------------------------------	---	----------------	----------------------	---------------	-----------	----------------------	--	--

			Facultade de Filoloxía e Tradución	Participación de alumnado e PAS na Comisión de Calidade.	Informar ao alumnado e ao PAS do procedemento para acadar representación na Comisión.	Decanato	Curso 2011-12	Sen custo	Comisión de Calidade		
--	--	--	------------------------------------	--	---	----------	---------------	-----------	----------------------	--	--

Accións específicas por graos

Tradución e interpretación

Cumpriría que a UVigo incentivase a participación do profesorado en cursos de anovamento pedagóxico. Recoñecemento dos cursos impartidos pola propia Universidade no VAD. Cómpre facer unha consulta coa Área de Calidade.

Linguas estranxeiras

Estudar a posibilidade de que os horarios inclúan aulas de luns a venres	Esta titulación non ten aulas os Venres	Facultade de Filoloxía e Tradución	Distribuír as clases de luns a venres	Distribuír as clases de luns a venres.
--	---	------------------------------------	---------------------------------------	--

<p>Continuar as xuntanzas coa Vicerreitoría para conseguir a implantación do portugués como segundo idioma estranxeiro.</p>	<p>O portugués como 2º idioma estranxeiro figura na memoria de verificación e as enquisas internas levadas a cabo entre o alumnado amosan que hai demanda suficiente desta lingua.</p>	<p>Universidade de Vigo</p>	<p>Implantar portugués como segunda lingua.</p>	<p>Non se pode asumir na PDA.</p>
<p>Revisar os obxectivos, metodoloxías e sistema de avaliación das materias que teñen un índice alto de alumnado que non supera a materia, ben por suspender, ben por abandonar.</p>	<p>Relativamente alto grao de suspensos nalgunhas materias do programa de estudos.</p>	<p>Grao de linguas estranxeiras</p>	<p>Análise do sistema de avaliación e contidos dalgunhas materias</p>	<p>Xuntanzas entre a coordinadora e o profesorado das materias.</p>

<p>Solicitarlle á Universidade de Vigo que substitúa o profesorado asociado por outro tipo de figuras con maior vinculación á universidade, xa que se observa que o profesorado asociado non se implica na docencia na medida que esixe o novo sistema nun título coma este.</p>	<p>O profesorado asociado polas súas condicións laborais fóra da universidade non ten unha completa dedicación na universidade.</p>	<p>Profesorado do grao en Linguas estranxeiras.</p>	<p>Substitución deste profesorado por outro con dedicación total.</p>	<p>Axuste do POD.</p>	<p>Solicitarlo por escrito aos implicados na súa implantación.</p>
--	---	---	---	-----------------------	--

INFORMES FINAIS DE VERIFICACIÓN

GALEGO ESPAÑOL/LINGUAS ESTRANXEIRAS/TRADUCIÓN E INTERPRETACIÓN

INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN

Recomendacións establecidas no informe final	ACCIÓN REALIZADAS			
	ACCIÓN	DATAS	RESPONSABLE	ESTADO
Débase explicitar o procedemento xeral por parte da universidade que permita valorar o progreso e os resultados da aprendizaxe dos estudantes (probas externas, traballos fin de titulación, etc.).	A Comisión de Calidade do centro fará unha proposta de regulamento do TFC para todos os graos.	Novembro, decembro 2011	Comisión de Calidade	

RESUMO DOS PLANOS DE MELLORA DOS POSGRAOS

Accións comúns para todos os mestrados.

- a) Cumprir os novos obxectivos de calidade do centro.
- b) Aumentar a participación do alumnado e profesorado nas enquisas.
- c) Mellorar a información e a xestión sobre os procesos de admisión.
- d) Aumento do persoal administrativo de apoio ás comisións académicas.
- e) Mellorar a coordinación entre o profesorado.
- f) Mellorar o grao de satisfacción do alumnado coas instalacións e recursos docentes da FFT.

Accións específicas

1. Tradución e paratradución.

- Actualizar os referentes externos recollidos na memoria.

[Sen facer aínda pero existe o compromiso de realizalo antes de rematar o curso]

-Establecer outros medios de avaliación propios do máster.

[Sen facer aínda, pero existe o compromiso de realizalo antes de rematar o curso e integrárase no regulamento do máster por materias e individualmente pódense activar as opcións de enquisa dentro de faitic.]

-Sesión informativa para todo o alumnado a principio de curso.

[Acción realizada a comezos de curso]

-Nivelar a carga de traballo entre materias.

[Acción realizada a comezos de curso: intervención da coordinación sobre algunha materia do primeiro semestre]

-Informar dos procedementos de abandono a aquelas persoas que o desexen.

[Acción realizada durante o primeiro semestre. Con todo, os problemas persisten con estudantes matriculados que non amosan ningún tipo de actividade]

-Actualizar a información que aparece na páxina web.

[Sen facer aínda pero farase antes de rematar o curso cos cambios eventuais na configuración do curso 2012-2013]

INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN				
Recomendacións establecidas no informe final	ACCIÓNS REALIZADAS			
	ACCIÓN	DATAS	RESPONSABLE	ESTADO
Recomendase reformular as competencias para establecer un menor número delas e así garantir a súa consecución polo estudante.	1. Na solicitude de modificacións do título aprobadas pola CEP pero non implementadas en 2011-2012, polas razóns evocadas no Criterio 5 de planificación das ensinanzas, figuraba a supresión do compoñente empírico e de	febreiro de 2011	Comisión Académica	sen efecto ata 2012-2013

	<p>experimentalidade dos métodos de investigación. Esta medida pode interpretarse como un primeiro paso cara á xeneralización das competencias.</p> <p>2. Segundo a nosa lectura, a recomendación non consistiría en reformular as competencias, senón en reducir o seu número.</p> <p>En efecto, reformulalas para establecer un número menor daría lugar ás mesmas competencias mais en formulacións menos concisas, o cal non axudaría a garantir a súa consecución.</p> <p>Polo tanto, débese entender “reformular” por “reducir o número” e polo tanto “escoller” un número menor de competencias, cuxa aparente profusión débese ó carácter holístico do mestrado.</p> <p>Con todo, o sentido da recomendación só pode ter efectos positivos na consecución das competencias, polo que se</p>	<p>antes da confección das guías docentes do curso 2012-2013</p>	<p>Comisión Académica</p>	<p>por realizar</p>
--	---	--	---------------------------	---------------------

	reducirá o seu número.			
<p>Dado el carácter investigador do mestrado, débese eliminar da memoria calquera referencia á orientación profesional, por exemplo nos apartados da memoria 2.1 (páx. 8) e 3.1 (páxs. 15 e 16) ou, se persiste o carácter profesional, as prácticas externas deben ser obrigatorias (páx. 61).</p>	<p>Eliminar da redacción da Memoria calquera referencia á orientación profesional, sen por iso renunciar á vinculación que debe existir entre as competencias do máster e a observación, a comprensión e a capacidade de intervención no campo das prácticas reais do mercado.</p>	<p>antes de finais do curso 2011-2012</p>	<p>Comisión Académica</p> <p>Comisión de Estudos de Posgrao</p> <p>Ministerio</p>	<p>Eliminar da redacción da Memoria calquera referencia á orientación profesional, sen por iso renunciar á vinculación que debe existir entre as competencias do máster e a observación, a comprensión e a capacidade de intervención no campo das prácticas reais do mercado.</p>
<p>Recoméndase que, na orientación investigadora do mestrado, o traballo fin de mestrado teña 12 créditos. O artigo 15.3 do RD 1393/2007 establece que o traballo fin de mestrado terá entre 6 e 30 créditos europeos. Considerando que os mestrados orientados a promover a iniciación en tarefas investigadoras proporcionarán ó estudante a formación</p>	<p>Non procede.</p> <p>O RD 1393/2007 non estipula que o traballo de fin de mestrado deba ter máis 6 créditos nos mestrados investigadores.</p> <p>Por outra banda, a coordinación do máster orienta o estudante para que combine estratexicamente as materias do segundo semestre</p>			<p>Non procede.</p> <p>O RD 1393/2007 non estipula que o traballo de fin de mestrado deba ter máis 6 créditos nos mestrados investigadores.</p> <p>Por outra banda, a</p>

<p>investigadora que, de feito, lle permitirá acceder ó período de investigación contemplado no ensino de doutoramento, o traballo fin de mestrado debería ter unha maior relevancia para facilitar que o estudante adquira realmente competencias que lle permitan concibir, deseñar, desenvolver e defender publicamente un traballo de investigación antes de iniciar a tese de doutoramento.</p>	<p>para darlle máis ou menos corpo ó seu proxecto de investigación. Así, pode optar por un percorrido diverso con catro materias diferentes e un TFM de 6 créditos que prolongue a actividade que encetou nunha materia anterior, ou ben pode combinar 6 créditos de materia con contido + 6 créditos de prácticas (durante as que realizará fases prácticas de investigación relacionadas co seu tema) + 6 créditos de TFM.</p> <p>Deste xeito, obtense o equivalente a 18 créditos de traballo de investigación tutelado, sen necesidade de reformular a memoria, e a dimensión investigadora vese potenciada mediante achegas máis diversas.</p>			<p>coordinación do máster orienta o estudante para que combine estratexicamente as materias do segundo semestre para darlle máis ou menos corpo ó seu proxecto de investigación. Así, pode optar por un percorrido diverso con catro materias diferentes e un TFM de 6 créditos que prolongue a actividade que encetou nunha materia anterior, ou ben pode combinar 6 créditos de materia con contido + 6 créditos de prácticas (durante as que realizará fases prácticas de investigación relacionadas co seu tema) + 6 créditos de TFM.</p> <p>Deste xeito, obtense o equivalente a 18</p>
--	---	--	--	--

				créditos de trabajo de investigación tutelado, sen necesidade de reformular a memoria, e a dimensión investigadora vese potenciada mediante achegas máis diversas.
--	--	--	--	--

2. Tradución multimedia.

- Aumentar a presencialidade en determinadas materias.
- Aumentar os contidos prácticos dalgunha materia.
- Aproveitar o recurso da Uvigo-Tv
- Aumentar os recursos bibliográficos específicos na biblioteca.

INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN				
Recomendacións establecidas no informe final	ACCIÓN REALIZADAS			
	ACCIÓN	DATAS	RESPONSABLE	ESTADO

Recoméndase concretar as competencias vinculadas aos módulos ou materias do título en termos de resultados de aprendizaxe.	Revisión das competencias do título.	Curso 2011-2012	Coordinadoras /Comisión de Calidade.	
--	--------------------------------------	-----------------	--------------------------------------	--

3. Estudos ingleses.

- Deseñar unha ferramenta máis axeitada para a publicación das guías.
- Mellorar as accións de orientación do título.
- Mellorar os recursos didácticos innovadores que emprega o profesorado.
- Mellorar a información sobre o perfil académico do profesorado na web.

INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN				
Recomendacións establecidas no informe final	ACCIÓN REALIZADAS			
	ACCIÓN	DATAS	RESPONSABLE	ESTADO
Recoméndase proporcionar información sobre axudas para o financiamento de accións de mobilidade asociadas a este mestrado.	Datos publicados na páxina web do título. http://webs.uvigo.es/estudiosingleses/index.php?page=bolsas		Coordinadora do mestrado	
Recoméndase ampliar a información sobre o perfil docente do persoal académico para avaliar a súa adecuación aos obxectivos do título.	Datos publicados na páxina web do título. http://webs.uvigo.es/estudiosingleses/index.php?page=profesorado		Coordinadora do mestrado	

4. Lingüística e aplicacións.

- Permitir que o profesorado externo acceda a Docnet para cubrir a guía docente. Feita a consulta. Teñen acceso.
- Mellorar as accións de orientación.
- Axustar a carga de traballo dalgunhas materias ó número de créditos.
- Redacción dun modelo máis sinxelo de enquisas de satisfacción.
- Mellorar a taxa de graduación.

INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN				
Recomendacións establecidas no informe final	ACCIÓN REALIZADAS			
	ACCIÓN	DATAS	RESPONSABLE	ESTADO
